



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2013-2014.

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, publicado no DOG do día 26 de decembro, regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

A Orde do 12 de marzo de 2013, publicada no DOG do 15 de marzo, desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Esta Orde establece os trámites do procedemento, os prazos, a forma de acreditar e valorar os criterios xerais de admisión, os modelos normalizados de documentos e, na súa disposición transitoria primeira, determina o calendario e os correspondentes prazos dos diferentes trámites específicos para o proceso relativo ao próximo curso académico.

Co obxecto de facilitar o proceso de admisión de alumnado nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos no curso 2013-2014, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade coa Disposición Derradeira Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013, resolve ditar as seguintes,

INSTRUCCIÓNS:

Primeira. Normativa e prazos do proceso

A admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2013-2014, desenvolverase de conformidade coas normas e o procedemento establecidos polo Decreto 254/2012, do 13 de decembro, pola Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo de 2013, e por estas instrucións.

O proceso desenvolverase nos prazos que determina a Disposición Transitoria Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.



Segunda. Prazas vacantes e reserva para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

1. Publicaranse os postos escolares vacantes en cada centro educativo conforme ás propostas da dirección dos centros públicos e da titularidade dos centros privados concertados.
2. No 1º curso do segundo ciclo de educación infantil, no 1º curso de educación primaria e no 1º curso da educación secundaria obrigatoria, publicarase o número total de postos que correspondan por unidade ou grupo segundo o artigo 4 da Orde do 12 de marzo de 2013, informando que se reservarán 3 para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Terceira. Solicitudes de reserva de praza e de admisión

1. A solicitude de reserva de praza e a solicitude de admisión de alumnado, realizaranse mediante os modelos anexo I e anexo II, respectivamente, da Orde do 12 do marzo de 2013.
2. Os devanditos modelos, que se corresponden cos códigos de procedemento ED550A e ED550B, poderán cumprimentarse e imprimirse na *sede electrónica* da Xunta de Galicia, na dirección <https://sede.xunta.es/portada>.
3. Tamén se poden descargar da *Guía de procedementos e servizos* da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>.
4. Así mesmo poden descargarse da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na dirección: <http://www.edu.xunta.es/web/node/8931>.
5. Os centros educativos facilitarán unha copia ás persoas interesadas que a soliciten, de forma gratuíta.

Cuarta. Formalización das solicitudes de admisión

1. A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos, requírese a sinatura dos dous titulares da patria potestade. Exceptúanse desta regra:

- As situacións de violencia de xénero.
- Que un dos titulares estea privado da patria potestade.



2. A solicitude será única. Non é posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación; a corrección de erros materiais nos datos do formulario, poderá realizarse mediante escrito dirixido ao centro educativo solicitado en primeiro lugar.

A renuncia á solicitude presentada, non permite presentar unha nova, polo que a/o alumna/o deberá escolarizarse conforme ao procedemento subsidiario do Capítulo IV da Orde de admisión.

Quinta. Consideración de centro único aos efectos dos criterios de admisión

De conformidade co artigo 8.1 da Orde de 12 do marzo de 2013, a consideración dos centros adscritos como "*centro único*" aos efectos de aplicación dos criterios de admisión abrangue unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior.

Sexta. Criterios xerais para a admisión de alumnado

1. Aos efectos da valoración do criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar, a certificación do padrón municipal de habitantes expedida polo órgano competente do concello, será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: o domicilio familiar, os membros da familia que conviven nel e a data de alta na vivenda.

De conformidade co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada a inscribirse no seu padrón. Polo tanto, non se pode admitir como xustificación que a persoa alegue que está residindo no concello dende hai máis de un ano sen darse de alta no padrón.

2. Para a valoración da renda *per cápita* da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2011.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar no ano ao que corresponde a declaración do IRPF.

Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2011, que está



cifrado en 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias, pola Lei 39/2010, de 22 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2011 (BOE do 23 de decembro).

3. Para considerar o criterio de nai, pai ou titoras/es que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.
4. Na fase de adxudicación subsidiaria regulada no artigo 35 e seguintes da Orde de 12 de marzo de 2013, valorarase o criterio complementario aprobado polos centros solicitados como segunda opción e seguintes, sempre que estea acreditado no expediente achegado á Xefatura Territorial.

Non obstante, poderase requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que se estime necesaria para acreditar o devandito criterio, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación. Este mesmo proceder poderase seguir con respecto de calquera outro criterio a valorar.

Sétima. Empate na puntuación

1. En caso de empate na puntuación, aplicaranse sucesivamente os criterios que establece a Orde do 12 de marzo de 2013 no seu artigo 29.
2. No sorteo público que se establece no citado artigo da Orde do 12 de marzo de 2013, realizado o día 22 de marzo de 2013, foron extraídas as letras "U" e "K" relativas ao primeiro apelido; e as letras "J" e "Ñ" para o segundo. Este resultado está publicado na páxina web da Consellería.
3. No anexo desta resolución figura un exemplo de desempate na puntuación, aplicando o resultado do devandito sorteo, de conformidade co establecido nos apartados 3 e seguintes do citado artigo 29.

Oitava. Formalización da matrícula

1. A matrícula deberá formalizarse mediante a presentación do correspondente modelo anexo III da Orde do 12 de marzo de 2013, nos prazos que esta determina. Estes documentos poderán descargarse dos mesmos sitios web que se sinalan na instrución terceira desta resolución.

En todo caso o sistema de xestión académica e administrativa da Consellería (XADE) tamén elaborará o formulario incluíndo o/s nome/es da/ persoa/s que



asinaron a solicitude de admisión ou que xa figuren na base de datos, podendo asinalo calquera delas.

2. Deberá presentar o formulario o alumnado ao Inicio da escolarización: 4º de educación infantil ou 1º de educación primaria. O alumnado xa escolarizado no sistema educativo, presentará o documento cando:
 - a. Curse a ESO ou bacharelato nun centro no que ten garantía de permanencia.
 - b. Inicie a correspondente etapa educativa procedente dun centro adscrito, conforme ao dereito de prioridade.
 - c. Cambie voluntariamente de centro.
3. Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e primaria sen cambio de centro non é necesario presentar o formulario.

Santiago, 22 de marzo de 2013

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Official stamp of the Xunta de Galicia, Section General of Centers and Human Resources. The stamp is circular and contains the text: "XUNTA DE GALICIA", "CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA", and "SECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS". A blue ink signature is written over the stamp.

José Manuel Pina Rodríguez



ANEXO QUE SE CITA

Suposto de desempate na puntuación final en aplicación do previsto nos apartados 3 e seguintes do artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

1. Resultado do sorteo

1ª Extracción	2ª Extracción	3ª Extracción	4ª Extracción
U	K	J	Ñ

2. Listaxe coa orde de prelación do alumnado

Orde	1º Apelido	2º Apelido	Nome
1	UKA...	--	--
2	.	--	--
3	.	--	--
4	.	--	--
5	UKEA...(*)	JÑA...	--
6	UKEA...(*)	JÑB...	--
7	UKEA...(*)	JÑCA...(**)	A...
8	UKEA...(*)	JÑCA...(**)	B...
9	.	--	--
10	.	--	--
11	.	--	--
12	UKZ...	--	--
13	UL...	--	--
14	.	--	--
15	.	--	--
16	.	--	--
17	UZ...	--	--
18	VA...	--	--
19	.	--	--
20	.	--	--
21	.	--	--
22	ZA...	--	--
23	.	--	--
24	.	--	--
25	.	--	--
26	AA...	--	--
27	.	--	--
28	.	--	--
29	.	--	--
30	UJ...	--	--

(*) Se existe coincidencia no primeiro apelido, acudirase ao segundo apelido que comece pola 3ª e 4ª letras extraídas, seguindo o mesmo criterio de ordenación alfabética que se describe para o primeiro apelido.

(**) Se coinciden o 1º e o 2º apelidos, acudirase ao nome seguindo a orde alfabética